

2018 Primeiro

GDR 17



Salnés-Ulla-Umia

gdr SALNÉS-ULLA-UMIA LEADER 2014-2020

gdr SALNÉS-ULLA-UMIA LEADER 2014-2020

gdr SALNÉS-ULLA-UMIA LEADER 2014-2020

gdr SALNÉS-ULLA-UMIA LEADER 2014-2020

gdr SALNÉS-ULLA-UMIA LEADER 2014-2020

gdr SALNÉS-ULLA-UMIA LEADER 2014-2020

gdr SALNÉS-ULLA-UMIA LEADER 2014-2020

gdr SALNÉS-ULLA-UMIA LEADER 2014-2020

gdr SALNÉS-ULLA-UMIA LEADER 2014-2020

gdr SALNÉS-ULLA-UMIA LEADER 2014-2020

gdr SALNÉS-ULLA-UMIA LEADER 2014-2020

gdr SALNÉS-ULLA-UMIA LEADER 2014-2020



O GDR Salnés-Ulla-Umia é un dos 24 Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) máis activos que hai en Galicia, pois abarca concellos de gran relevancia na comunidade autónoma. Co obxectivo de dinamizar o rural galego, o apoio aos proxectos a través dos fondos europeos é clave no progreso da área, que está formada por 16 concellos con máis de 145.000 habitantes. O turismo é un sector fundamental das zonas incluídas no GDR Salnés-Ulla-Umia, co Grove e Sanxenxo como principais reclamos. As infraestruturas portuarias e os cultivos, favorecidos polo bo clima, tamén son industrias claves.

O turismo é un sector fundamental das zonas incluídas no GDR Salnés-Ulla-Umia, co Grove e Sanxenxo como principais reclamos

A importancia dos proxectos privados financiados polo GDR, que desenvolve e executa o programa europeo Leader, reflectiuse o ano pasado na creación e consolidación de 104 postos de traballo. A estratexia do GDR Salnés-Ulla-Umia céntrase na transversalidade, tendo en conta a aposta pola innovación e o crecemento dos diversos sectores con presenza no territorio, como a agricultura, pesca, alimentación, artesanía, turismo rural, servizos sociais ou medio ambiente.

Imprescindibles no crecemento

O GDR conta cunha consolidada estrutura técnica que se dedica ao labor de dinamización, mobilización e promoción para aplicar a estratexia deseñada para este territorio co obxectivo de que xurdan proxectos que se poidan financiar ao amparo do programa. É o propio GDR quen se encarga de analizar e valorar os proxectos e, en función diso, o seu órgano directivo atribúe unha porcentaxe da axuda, partindo duns criterios preestablecidos. A decisión trasládase á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), un ente público da Xunta de Galicia que promove e coordina o desenvolvemento rural en Galicia. Tras revisar que a asignación do GDR se axuste á normativa, Agader resolve a concesión da axuda. Estas subvencións xogan desde hai anos un papel imprescindible no crecemento da área.



Leader en Galicia no período 2014-2020

A finalidade das axudas é acadar un desenvolvemento territorial equilibrado

O programa Leader (Ligazón Entre as Actividades de Desenvolvemento da Economía Rural) é unha iniciativa comunitaria de axudas para o desenvolvemento do rural baseada na participación da propia poboación do territorio. O proxecto integra todos os recursos e actores económicos e humanos que existan na comarca de actuación. A metodoloxía consiste en que a poboación deixa de ser unha simple beneficiaria para converterse en protagonista do crecemento da zona, a través da planificación e aplicación dunha estratexia definida desde o territorio.

Este plan, que a Unión Europea impulsa desde 1991 para descentralizar as políticas de desenvolvemento rural, está marcado pola súa filosofía “de abaixo cara a arriba”, pola que son os propios veciños, agrupacións e entidades locais as que deciden onde é preciso investir os fondos europeos.

De aí nacen os 24 Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) que hai actualmente en Galicia e que

levan anos traballando e fomentando todo tipo de iniciativas, tanto produtivas como de carácter social ou turístico, entre outras. Só no período 2017-2018 inxectáronse preto de 20 millóns de euros en máis de 300 proxectos en toda Galicia. Todos eles contribúen a dinamizar o rural galego co obxectivo último de asentar poboación nel.

Pioneiro en emprendemento no rural

“O plan Leader foi pioneiro á hora de apoiar aos emprendedores particulares e en entender a importancia de que a administración pública actúe da man das iniciativas privadas para apoiar o noso rural”, destacou a conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez, durante o primeiro encontro Leader Galicia, celebrado en xuño no Concello do Pino.

A conselleira indicou que non só as entidades públicas deben achegar fondos para o desenvolvemento económico, tamén deben servir de apoio para todos eses emprendedores,

particulares ou asociacións que teñen moito que ofrecer, pero aos que lle faltan recursos.

As entidades beneficiarias de Leader 2014-2020 poden ser persoas físicas ou xurídicas de carácter privado; entidades públicas locais; ou as comunidades de montes veciñais en man común. Os interesados en optar ás axudas poden presentar as súas propostas ao longo de todos os anos. Os proxectos concorrerán o 31 de marzo e o 31 de maio ás dúas convocatorias anuais de subvencións. Na páxina web da Xunta pódense cubrir as solicitudes, pero en función do tipo de iniciativa será necesaria a presentación de determinada documentación.

En xeral, os gastos subvencionables comprenden: construción, adquisición e mellora de bens inmoables, instalacións e compras de maquinaria, equipamento e material funxible, adquisición de terreos non edificados e custos xerais, tales como estudos técnicos, gastos de proxectos, dirección de obra, estudos de viabilidade, patentes ou licenzas.

Os investimentos decídenos os promotores, empresas, asociacións e as entidades locais, sempre dacordo coa normativa Leader



As iniciativas deben estar situadas no ámbito territorial elixible, segundo o mapa dos Grupos de Desenvolvemento Rural publicado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), axustarse á normativa sectorial, ser finalistas e que o investimento non estea iniciado.

Os obxectivos do programa

Tendo en conta as características específicas do territorio rural galego e o obxectivo de contribuír á estratexia europea 2020 para conseguir un desenvolvemento territorial equilibrado, incluíndo a creación e a conservación do emprego, o enfoque Leader para o período 2014-2020 en Galicia orientárase á consecución prioritaria dos seguintes, obxectivos: mellorar as condicións para crear e manter emprego no medio rural; mellorar e implementar servizos para a poboación nas zonas rurais, favorecendo a mellora do nivel de vida da poboación rural, a inclusión social e a redución da pobreza; favorecer a ocupación sustentable do territorio, prestando atención especial aos colectivos máis desfavorecidos, como ás mulleres, os mozos e mozas, ás persoas con discapacidade ou ás persoas maiores; garantir a sustentabilidade da actividade no medio rural, mediante un coidado e utilización adecuada dos recursos naturais; e potenciar a gobernanza local e a animación social do territorio.





Lourdes Ucha

Presidenta do GDR do Salnés-Ulla-Umia e alcaldesa de Meaño



“Ao abeiro do GDR creamos 22 postos novos de traballo en 2017”

Cales son os obxectivos para o novo período de programación?

O obxectivo básico deste novo programa Leader 2014-2020 é impulsar o desenvolvemento do noso rural. Para isto é necesario mellorar as condicións para crear e manter emprego no territorio, optimizar os servizos para a poboación rural, garantir o mantemento da actividade no medio rural empregando respectuosamente os recursos naturais e favorecer a ocupación sustentable do territorio prestando atención especial a colectivos máis desfavorecidos.

Que proxectos do GDR destacarías?

Son moitas as iniciativas que se presentan ao noso GDR e máis dende que se ampliara o territorio de 9 a 16 concellos. Tamén son moi variados e distintos os proxectos que dende o ano pasado se van achegando, tanto produtivos coma non produtivos. Poderíamos destacar as iniciativas do pequeno emprendedor e os proxectos de empresas xa implantadas na nosa economía, e resaltar tamén os proxectos de servizos e infraestruturas dos concellos do Salnés, Ulla e Umia. Pero como temos unha comarca moi rural e turística deberíamos destacar proxectos tales como ampliación da actividade da agricultura ecolóxica con novas tecnoloxías, a creación de novas instalacións turísticas para peregrinos e a modernización de pequenas empresas

de múltiples sectores, así como proxectos de recuperación e valorización de recursos naturais e patrimoniais.

Cales son as principais necesidades do territorio?

O noso territorio conta cunha serie de aspectos que non facilitan o desenvolvemento da comarca, malia o seu dinamismo, tales como o excesivo número de empresas de reducido tamaño e autónomas. Isto dificulta a nosa competitividade nun mercado global. Xunto a isto, a existencia de economías secundarias e complementarias (horta, viñedo, aluguer de segundas residencias,...) pode supor unha menor profesionalización nalgunhas actividades. Os desequilibrios na localización de actividades empresariais no rural, con maior orientación ao emprazamento en zonas costeiras, pode supor unha relevante presión sobre os recursos e un baixo aproveitamento potencial do eido agroforestal e turístico do interior. Por último, a excesiva estacionalidade nas principais actividades da área (viño, horta, turismo) dificulta a planificación empresarial e limita a rendibilidade das actividades empresariais fora de certos períodos.

Que caracteriza ao GDR Salnés-Ulla-Umia respecto a outros Grupos de Desenvolvemento Rural?

O que nos caracteriza principalmente é o elevado número de emprendedores. A iniciativa privada é un motor

“O que caracteriza ao noso territorio é o seu elevado número de emprendedores”

moi importante para o desenvolvemento económico do noso territorio, na nosa comarca existe un gran número de polígonos industriais que albergan moitas empresas e profesionais. Tamén destacaría a participación das entidades locais, cada una dende o seu termo municipal e tamén a través das mancomunidades, con proxectos conxuntos, maximizando así o emprego dos medios e recursos para o beneficio de todos.

Cantos empregos se crearon grazas ao programa?

Ata a data temos unhas cifras moi interesantes con máis de 22 postos creados e 201 postos consolidados, contabilizando os datos do ano 2017 e as solicitudes presentadas nesta anualidade. Hai que ter en conta que estes postos teñen a obriga de manterse activos ata cinco anos, o cal asegura a estabilidade laboral no mercado de traballo na nosa comarca.

Como cambiaron as axudas europeas o desenvolvemento desta zona?

Dende os primeiros programas tales coma o PRODER, Leader 2009-2013 e ata o actual programa Leader 2014-2020, vese un gran dinamismo económico, que se puido detectar aínda na época de crise. Unha gran cantidade de emprendedores soubo buscar novas formas para medrar, aínda nos peores momentos. Estas axudas son un motor de arranque para eses novos proxectos

que non se materializarían de non existir. As axudas europeas son imprescindibles para o desenvolvemento das zonas rurais, que posúen maiores dificultades para saír adiante. E as ideas que xorden en contornas rurais, poden chegar ao resto do mundo grazas ao poder das TIC. Os avances tecnolóxicos axudan e moito a espallar os proxectos que se xeran ao abeiro do Leader.

“As axudas europeas son imprescindibles para o desenvolvemento das zonas rurais”



Presentación do GDR Salnés-Ulla-Umia

Na convocatoria deste ano recibiu 33 proxectos, que precisan 6,5 millóns de euros

Os axentes públicos e privados de cada territorio organízanse nun Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR), que diseña e executa o programa Leader. Trátase dunha asociación constituída por todas as entidades do ámbito económico, social, cultural, veciñal, ambiental ou profesional que desexen implicarse.

Estas entidades funcionan como calquera asociación sen ánimo de lucro e deben cumprir o principio de “portas abertas” polo que están obrigadas a admitir a calquera organización do seu territorio que desexe participar no programa.

A Asociación do Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés-Ulla-Umia (GDR 17), composta por máis de 217 socios e entidades sen fin de lucro, está constituída polo conxunto de institucións públicas e do ámbito privado que mostraron o seu interese

en participar no programa Leader do territorio.

O ámbito territorial do GDR Salnés-Ulla-Umia compende os concellos de Caldas de Reis, Cambados, Catoira, Cuntis, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Moraña, Pontecesures, Portas, Ribadumia, Sanxenxo, Valga, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

Tanto na súa constitución como con posterioridade, o GDR, en base ao principio de “portas abertas”, admite a calquera entidade con implantación na comarca que desexe participar neste proxecto común e cumpra cos requisitos fixados para ser socio.

Un investimento de 6,5 millóns

Na convocatoria deste ano, pechada o pasado 31 de maio, o GDR Salnés-

Ulla-Umia recibiu 33 proxectos, en cuxa execución se investirán case 6,5 millóns de euros. As variadas iniciativas que recibirán fondos da Unión Europea abarcan desde a apertura de rutas de sendeirismo ata a compra de maquinaria industrial, a apertura de hoteis ou a posta en marcha de páxinas web vinculadas a negocios de agricultura ecolóxica.

A porcentaxe de axuda económica dos fondos europeos varía dependendo de varios factores, entre os que destacan se a iniciativa é pública ou privada e o número de empregos creados. As subvencións, polo xeral, adoitan oscilar entre o 15% como mínimo do investimento para as iniciativas privadas e o 90% como máximo para as públicas.

O ano pasado os proxectos privados tramitados polo GDR Salnés-Ulla-Umia permitiron a creación



e consolidación de **104 postos de traballo**, segundo o informe anual de evolución e seguimento das iniciativas elaborado polo propio grupo. **O investimento das entidades privadas en 2017 superou os 600.000 euros.**

Órganos de goberno e asesoramento

O GDR 17 conta cunha asemblea xeral e cunha xunta directiva, dous órganos que se derivan da Lei de Asociacións, así como con mesas sectoriais, organizadas en torno a aqueles ámbitos que se consideren de interese, entre os que destacan o agropecuario, o forestal, as asociacións de mulleres, as entidades xuvenís, o sector turístico e hostaleiro ou as asociacións deportivas, recreativas, de veciños e culturais.

Os labores de dinamización, mobilización, promoción e avaliación de proxectos para aplicar o programa

de desenvolvemento deseñado son realizadas por un equipo técnico. Sempre que teñan presenza no territorio, deberán estar representados obrigatoriamente nos seus órganos de decisión as cooperativas agrarias, as organizacións profesionais agrarias, as asociacións de mulleres e as asociacións de mozos e mozas. Un representante da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e un membro da estrutura comarcal da Consellería do Medio Rural son sempre convocados ás reunións, onde teñen voz, pero non voto.

En 2017 os proxectos privados permitiron a creación e consolidación de 104 postos de traballo



O territorio do GDR Salnés-Ulla-Umia

Está formado por 16 concellos que teñen máis de 145.000 habitantes

O territorio que abrangue o GDR Salnés-Ulla-Umia comprende unha poboación de máis de 145.000 habitantes repartidos entre máis de 563,6 quilómetros cadrados. Os datos reflicten o importante peso desta área, que supón o 15,3% da poboación da provincia de Pontevedra.

No territorio atópanse algúns dos destinos turísticos referentes de Galicia

Desde abril de 2016, cando se uniron os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) Salnés-Ulla-Umia, este ámbito territorial está formado por 16 concellos: Caldas de Reis, Cambados, Catoira, Cuntis, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Moraña, Pontecesures, Portas, Ribadumia, Sanxenxo, Valga, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa. Situada no noroeste da provincia de

Pontevedra, esta área está comprendida entre a vertente meridional da ría de Arousa polo norte, a ría de Pontevedra polo sur e a comarca de Tabeirós-Terra de Montes polo leste.

O Grove e Sanxenxo, núcleos turísticos

Á posición litoral únese a riqueza dos solos, o que xera no seu conxunto unha actividade primaria intensa e diversificada. Outra das consecuencias positivas da súa contorna natural é o turismo, con Sanxenxo e O Grove como os núcleos principais, e a potencialidade das súas paisaxes e contornas para gozar da natureza. As praias, con 150 quilómetros de costa, os seus fondos mariños, as paisaxes naturais, os ríos, fragas e a gastronomía constitúen as principais atraccións turísticas.

As características climáticas son excepcionalmente favorables para un gran número de cultivos, debido á suave temperatura media anual (entre os 14 e os 15 °C), propia

dun clima temperado atlántico, así como dos escasos valores extremos que se rexistran. A combinación do territorio e do clima favorece os usos agrarios. Ademais, na área do Salnés destaca o desenvolvemento do sector vitivinícola, onde a calidade da uva de albariño obtida permite un viño de alta valor, moi apreciado no mercado. As explotacións hortofrutícolas, gandeiras e forestais completan o uso da terra nesta zona.

Superficie forestal e cultivos

Os municipios de Cambados (44%), Ribadumia (43%), Vilanova de Arousa (38%) e Portas (31%) son os que maior porcentaxe de cultivo e prado teñen sobre o total da súa superficie. En canto á área forestal, o GDR conta con máis de 32.478 hectáreas. O municipio con maior superficie forestal é Cuntis (5.663 hectáreas), seguido de Caldas de Reis (4.746), Meis (3.402) e Moraña (2.879).

O GDR Salnés-Ulla-Umia conta cunha superficie total de



explotacións agrícolas de máis de 12.165 hectáreas, o que representa algo máis do 10,5% provincial. O principal aproveitamento que se fai nas explotacións agrícolas é de especies arbóreas e forestais, con 5.800 hectáreas e para as terras labradas con 4.154 hectáreas.

As infraestruturas portuarias son claves no desenvolvemento da área

A zona costeira do territorio, principalmente a ría de Arousa, posúe unha grande riqueza biolóxica, con zonas marisqueiras das máis coñecidas de Galicia, como Carril, As Carballas, O Galiñeiro, O Sarrido ou os chamados “lombos do Ulla”. As súas características de abrigo e riqueza en fitoplancto sitúan esta ría entre as máis produtivas de Galicia. A área do GDR tamén dispón dunha grande

diversidade, con estados de conservación variables. Ao valor que estes espazos naturais teñen por si mesmos, únese a atracción que exercen sobre o turismo.

Espazos naturais e actividade portuaria

Entre os espazos naturais protexidos figuran o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas, que comprende A Illa de Cortegada, no municipio de Vilagarcía de Arousa; zonas húmidas protexidas, que están situadas no Complexo Intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira. Ademais, o Complexo Ons-O Grove, o Complexo Intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira, así como o Sistema Fluvial Ulla-Deza, foron declaradas Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais.

Na comarca do Salnés existen numerosas infraestruturas de comunicación por vía marítima como son os



portos pesqueiros e os portos deportivos. A área portuaria de Vilagarcía representa un dos seus maiores factores de competitividade en tema marítimo. Entre as actividades máis relevantes e de gran tradición no territorio, están as relacionadas co mar e os seus produtos derivados, contando cun número importante de empresas e xerando unha gran cantidade de emprego.

Pola súa banda, os portos deportivos favorecen o desenvolvemento do turismo na zona, facilitando o acceso á ría para a navegación a vela, a pesca deportiva e os diferentes deportes náuticos, de tanta tradición na parte costeira desta área.





Juan Manuel Vidal

Secretario do GDR 17
e alcalde de Pontecesures



“O territorio do noso GDR é un dos máis dinámicos de Galicia”

Cales son as accións prioritarias do GDR?

O Programa Leader é un conxunto de medidas para desenvolvemento rural de Galicia no que o territorio se converte en protagonista do seu propio desenvolvemento económico e social. Este obxectivo tradúcese nunha serie de liñas de actuación que seguen un enfoque de abaixo-arriba, xa que o plan de desenvolvemento é definido e aplicado polos axentes de cada territorio. A peza central da metodoloxía do Leader vén constituída polos GDR, que son o conxunto de axentes públicos e privados que definen e aplican o plan. Con todo isto e tendo en conta o resultado das achegas do noso territorio, definimos unha serie de liñas prioritarias de actuación. Entre elas, destaca a da mellora e a implementación de servizos e infraestruturas para as persoas nas zonas rurais; a protección e mellora do medio natural e a sustentabilidade da actividade no eido rural; a posta en valor do patrimonio rural e da paisaxe; a mellora da competitividade, diversificación produtiva e innovación da economía rural e a cooperación, animación social do territorio e promoción e difusión da área e dos seus recursos.

Que investimento é preciso para executar os novos proxectos?

Tendo en conta que o territorio do noso GDR é un dos máis dinámicos de Galicia e facendo reconto do nú-

mero de solicitudes de axuda recepciónadas ata o día de hoxe, estimamos que precisaríamos dun orzamento de case seis millóns de euros para poder atender os novos investimentos neste período 2014-2020. Estaríamos a falar do dobre de investimento do actual.

Que servizos ofrece o GDR aos promotores?

O traballo do noso GDR engloba unha gran variedade de servizos. Todos eles encamiñados a promover a dinamización territorial e a mobilización social; promover a valorización do medio rural, en xeral, e do seu territorio, en particular; facilitar a participación da poboación nas accións de desenvolvemento do territorio e asesorar aos posibles beneficiarios das axudas. Xunto a isto, ocupámonos de informar a estes beneficiarios sobre as obrigas que asumirán no caso de percibir algunha axuda con cargo á estratexia; tramitar os expedientes; comprobar o cumprimento e a efectividade das condicións ou dos requisitos determinantes para a concesión de subvencións; seleccionar proxectos con cargo ao orzamento máximo dispoñible e promover a participación en proxectos de cooperación transnacional e interterritorial. Tamén nos ocupamos de elaborar un manual de procedemento para recoller integramente o procedemento exacto de tramitación das axudas Leader ao abeiro da estratexia de desenvolvemento local; de comunicarlle á Agader, para que as autorice, as reprograma-

“Precisaríamos dun orzamento de case seis millóns de euros para atender os novos investimentos neste período”

cións da estratexia de desenvolvemento local e de elaborar un informe anual de avaliación.

Que ferramentas utilizan para corroborar o desenvolvemento dos programas?

Contamos cos medios humanos dun equipo técnico multidisciplinar de tres traballadoras con experiencia en proxectos europeos. E existe unha oficina aberta ao público cos equipamentos informáticos necesarios. O noso GDR posúe a súa propia web www.gdrsalsnesullaumia.com e temos activos perfís en redes sociais para a difusión do noso traballo. E, por outra banda, contamos coa axuda e o asesoramento do persoal de Agader, en especial coa colaboración do xefe e subdirector da Área de Relacións cos GDRs.

Que actividades organizan para promocionar as iniciativas do GDR?

Cunha periodicidade case continua reúnen as nosas xuntas directivas, onde se informa do traballo do grupo e se toman as decisións que marcan as tarefas que cómpre desenvolver nas nosas comarcas. Este traballo difúndese, a través de notas de prensa, nos diarios da zona. Outra actividade de difusión realizámola a través de encontros, seminarios e charlas. O ano pasado levamos a cabo unha serie de xornadas, en colaboración con todos os concellos da comarca, para dar a coñecer a nova Estratexia de Desenvol-

vemento Local (EDL). Estas xornadas estiveron abertas a toda poboación interesada, en especial aos empresarios, emprendedores, asociacións e a calquera tipo de entidade ou persoa que quixera poñer en marcha un proxecto ou tivera interese en coñecer as liñas de axuda que existen. Hai máis ou menos un mes desenvolvemos o I Encontro Leader preto de Santiago, onde nos xuntamos todos os GDRs de Galicia para poñer en valor o traballo desenvolvido no rural, con presentacións variadas de proxectos subvencionados e xa postos en marcha. Houbo tamén exposicións de experiencias Leader por parte dos axentes. Neste encontro contamos coa presenza da conselleira do Medio Rural, Angeles Vázquez, e do director xeral de Agader, Miguel Pérez Dubois. Foi unha xuntanza moi enriquecedora para os participantes. O noso GDR tamén tivo presenza na IX edición dos Premios Agader, que dota con 10.000 euros ás mellores propostas de proxectos. En breve poremos en marcha unha nova edición do noso propio concurso de proxectos da área Salnés-Ulla-Umia, que xa realizamos con moito éxito en anos anteriores.



A estratexia do GDR 17

A súa integración atende aos ámbitos territorial, sectorial e da gobernanza

A estratexia do GDR Salnés-Ulla-Umia enfócase desde un punto de vista transversal, tendo en conta os diversos sectores con presenza no territorio, como agricultura, pesca, alimentación, artesanía, turismo rural, servizos sociais ou medio ambiente. Ademais, baseándose nun estudo exhaustivo das necesidades territoriais e na participación da comunidade local, establece os principais servizos, produtos e intervencións que necesita esta comarca para lograr un efecto multiplicador ou efecto arrastre sobre os cambios que pretende acadar, sempre desde unha perspectiva innovadora.

O obxectivo é impulsar un crecemento equilibrado no conxunto dos concellos

Desde a súa posta en marcha en 1991, a iniciativa Leader traballa para ofrecer aos núcleos rurais da Unión Europea un método co que facer participar aos socios locais na xestión do desenvolvemento futuro das súas zonas. Así, o plan estimula aos axentes socioeconómicos a traballar xuntos para producir bens e servizos que xeren o máximo valor engadido na súa zona de influencia. As características integradoras da estratexia do GDR Salnés-Ulla-Umia establecéronse atendendo fundamentalmente aos ámbitos territorial, sectorial e da gobernanza.

Estudo socioeconómico

As diferenzas existentes dentro do territorio son patentes, tal e como se reflectiron no diagnóstico socioeconómico

e nas achegas das distintas liñas de participación abertas a todos os axentes económicos da área. Os estudos amosan desigualdades entre as zonas costeiras e as de interior; aqueles concellos máis desenvolvidos economicamente e aqueles menos desenvolvidos; e entre áreas máis urbanas e rurais.

Son múltiples os indicadores analizados que puxeron de manifesto eses desequilibrios, traducíndose deste xeito nun dos factores clave para a definición das necesidades de desenvolvemento, e consecuentemente influíron de maneira importante nos obxectivos finais.

Coa estratexia do GDR 17 Salnés-Ulla-Umia búscase a integración a través dun desenvolvemento equilibrado de todo o territorio, tratando de impulsar e prestando especial atención ao crecemento daquelas áreas, sectores, servizos ou colectivos socioeconómicos máis desfavorecidos.

Desenvolvemento conxunto

Á hora de establecer as liñas de actuación, non se fixaron diferentes estratexias para cada unha das áreas en función do seu grado de desenvolvemento e dos desequilibrios que presentan. Do que se trata en realidade é de aproveitar o maior desenvolvemento daqueles espazos cunha situación máis favorable para impulsar un crecemento equilibrado no conxunto do territorio deste GDR.

Deste xeito, promoverase unha visión integradora e converxente de todo o territorio e priorizaranse as actuacións outorgando un maior ou menor apoio en función das necesidades detectadas en cada zona. A intensi-

dade da axuda incrementarase naqueles proxectos que contribúan ao crecemento socioeconómico das áreas menos desenvoltas.

Aposta pola innovación

A estratexia do GDR Salnés-Ulla-Umia busca a innovación a través do desenvolvemento de actuacións que permitan o achegamento de servizos á poboación, mellorando así a súa calidade de vida.

O reto da innovación pasa por apostar pola identidade e a propia idiosincrasia da área, creando unha imaxe de marca propia e tratando de orixinar un efecto multiplicador das iniciativas que se desenvolvan no territorio. Deste xeito, a cooperación e o traballo en rede establecen un verdadeiro proceso participativo que se torna no eixe principal da estratexia do GDR.





GDR 17



Asociación

GDR Salnés-Ulla-Umia

Cruceiro, 43 - 36990 Vilalonga

Sanxenxo (Pontevedra)

Tel.: 986 744 909 | 650 255 914

Fax: 986 746 657

info@gdrsalnesullaumia.com

info@gdrosalnes.com

<https://gdrsalnesullaumia.com>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



FEADER:
Europa inviste no rural